

Os incendios forestais e o monte

¿Ti podes evitalo?

Por VÍCTOR CAAMAÑO RIVAS



Fotografía: Joaquín Rodríguez Pomares

¿Poderíase facer algo para que isto cambie?

O lume e o monte no Salnés

A grandes masas vexetais do Salnés amosan unha certa monotonia que resulta indicativa da influencia do ser humano sobre elas. Unha ollada desde calquera outeiro da comarca, permite distinguir claramente ós nosos protagonistas verdes: no val repítense as continuas cepas de albariño, e nas zonas máis irregulares e elevadas están os outros dous monocultivos, eucaliptos e piñeiros, habitualmente mesturados. Son estas dúas especies arbóreas as que forman o que no Salnés se lle pode chamar bosque; concretamente piñeiral e eucaliptal.

Os piñeiros e eucaliptos son as árbores máis afectadas polos incendios forestais en Galicia. Considéranse como especies pirófitas debido a que as dúas se ven favorecidas polos incendios, pois as súas poboacións proliferan nos medios queimados. As resinas permiten que o lume perdure e as piñas e aceites esenciais activano con facilidade. Os eucaliptos rebrotan despois dos incendios e as súas sementes xermolan ben en terreo queimado. Tamén cómpre ter en

conta que as plantacións de piñeiros e eucaliptos están formadas por aliñacións de árbores que favorecen a circulación do aire que alimentará os posibles lumes.

Ademais nos terreos queimados e degradados crecen rapidamente matogueiras (toxos, carrasacas, uces e carqueixas), tamén especies pirófitas, que prenden e estenden o lume doadamente.

Polo tanto, nun medio destas características, danse todas as condicións biolóxicas necesarias para que os incendios sigan proliferando.

¿Que balance podemos facer da loita contra incendios nos últimos 30 anos?

• Os incendios en cifras

O 69% da nosa Comunidade é superficie forestal, da cal o piñeiro ocupa 500.000 hectáreas e o eucalipto cobre 300.000 hectáreas de solo galego. Os montes galegos están formados por máis de 600 millóns de árbores que posúen un valor económico superior ós 28.253 millóns de euros.

Fotografía: Joaquín Rodríguez Pomares



Exemplares novos de eucalipto brotan ao pé dos troncos queimados

O bosque só ten valor se as súas árbores non se queiman

Desde hai moitos anos, os incendios forestais son o problema máis grave do monte galego. Entre 1976 e 1988, producíronse en Galicia 37.664 incendios (algo máis de 3.000 ao ano) e xa nese período se afirmaba que o 75% deles eran provocados. Estes números son moi inferiores aos da última década que apuntan unha media de 10.000 sinistros anuais que supoñen o 40% dos incendios estatais así como o 40% da superficie do bosque queimado en España. Xa non se pode afirmar, como na década dos setenta, que os incendios son moi numerosos pero a superficie queimada é pouca. Ademais, actualmente, a porcentaxe estimada de incendios forestais provocados supera o 85%.

Bombeiros ou políticos, ¿onde está a solución?

• **Razóns e actuacións humanas**

Resulta evidente que nos últimos anos se vén investindo un elevado orzamento na loita contra o lume, mais os resultados son totalmente desalentadores. Cando xurde un problema, a posible solución debe pasar por averiguar a causa deste. A política forestal da Xunta de Galicia sempre estivo centrada na extinción de incendios e non na análise das causas que os producen: falta de xestión apropiada, ordenación do territorio insuficiente, abandono do medio rural, mala xestión dos montes comunais, uso do lume como ferramenta agrícola e forestal...

A política forestal favoreceu a plantación de árbores de crecemento rápido (eucaliptos e piñeiros) pero que como vimos son especies

pirófitas. O que se presentaba como unha inversión de rendemento rápido, converteuse nunha perda continuada de recursos. Isto agravouse coa permanente despoboación do medio rural galego e coa mala xestión dos montes comunais que levaron a un continuo abandono e deterioro do monte que é unha invitación para os permanentes incendios forestais.

Outras xustificacións oficiais, como a das bandas organizadas de pirómanos, non teñen nada que ver coa realidade; só é unha vulgar desculpa que non pode agochar a manifesta incompetencia dos que deberían ser os máximos defensores do monte galego.

¿A riqueza dun bosque debe medirse en metros cúbicos de madeira?

• **Bosque autóctono: biodiversidade e rendibilidade**
Imaxínate unha tarde de verán nun "merendeiro" no Salnés. Con moita sorte estarías baixo unha pequena carballeira, e isto sería o máis semellante a un bosque autóctono que poderías encontrar na nosa comarca. Parece ser que no noso monte non hai árbores nobres (carballedos, sobreiras, faias, castiñeiros,...) porque o seu crecemento é lento e polo tanto a súa rendibilidade económica é moito menor a curto e medio prazo ca das explotacións de eucaliptos e piñeiros. ¡Pois vai ser que non!

O bosque só ten valor se as súas árbores non se queiman. Os continuados incendios forestais, maioritariamente provocados e directamente favorecidos polas especies pirófitas, fan que o noso monte non sexa rendible, senón máis ben unha carga para o peto do contribuínte en forma de gastos en medios de extinción. Ademais os lumes continuados desde hai moitos anos están provocando a continua perda de solo dos montes galegos e como consecuencia o seu empobrecemento. Polo tanto a rendibilidade dos montes con árbores de crecemento rápido está sendo máis que discutible.

É máis doado queimar un piñeiral ou un eucaliptal ca un bosque autóctono. As follas planas das árbores autóctonas impiden que unha gran parte da radiación solar acade o chan que está recuberto de follas húmidas que fan máis difícil a xeración e propagación do lume. Ademais a espesura das copas das árbores dificultan as correntes de aire que alimentarían os incendios.

Debería quedar claro que o bosque autóctono dificultaría a propagación dos incendios forestais e que a parte do rendemento económico da madeira, a grande diversidade de seres vivos asociados a estós bosques ou incluso a súa beleza paisaxística, poden significar en si mesmos outros recursos non forestais pero de gran interese económico de seren explotados con racionalidade.

É máis doado queimar un piñeiral ou un eucaliptal ca un bosque autóctono